

Presentado o Selo de Calidade do Comercio na sede de FECIMO

A Directora Xeral de Comercio Ana Rúa, presentou o Luns día 11 na sede de FECIMO o Selo de Calidade do Comercio Galego ante representantes de máis de 40 asociacións de comerciantes e empresarios de Galicia, entre outros representantes e cargos de diferentes institucións. Asimesmo, someteuse a debate o Anteproxecto de Lei do Comercio Interior de Galicia. O acto estivo organizado polo Foro Galego do Comercio.



O Selo de Calidade e a Lei de Comercio, a debate

Asistiron representantes de máis de 40 asociacións de comerciantes e empresarios de Galicia, entre outras autoridades.

O **Foro Galego do Comercio** celebrou o Luns día 11 na sede de **FECIMO**,



en Cangas, unha conferencia-debate entre diferentes directivos e cargos institucionais de diferentes asociacións, colectivos, institucións e entidades de carácter comercial e empresarial acerca da nova **Lei de Comercio Interior de Galicia** e mailo **Selo de Calidade do Comercio**

Galego. O acto estivo presidido pola directora Xeral de Comercio, Ana Rúa.

A Directora xeral falou do **Selo de Calidade** como un instrumento que sirva para que o comercio tradicional mellore, modernícese e se adapte á nova realidade sociolóxica, potenciando as súas características de trato persoal, proximidade e confianza como elementos de competitividade. Estes obxetivos pretendense acadar baixo a marca **"CALIDADE COMERCIO**



GALEGO", fomentando un valor engadido e diferencial e tratando de crear unha imaxe que unifique e identifique colectivamente ao noso comercio.



En canto aos requisitos que debe cumprir un establecemento para a obtención do selo están o pertencer a unha asociación, a utilización da lingua galega na sinalética e páxina web, a supresión de barreiras, medidas de aforro enerxético ou a conciliación da vida familiar dos traballadores, entre outros.



En canto ao **Anteproxecto de Lei do Comercio Interior de Galicia**, Ana Rúa sinalou que é unha lei que aposta polo comercio urbano, adecuando a normativa existente, que data de 1988, á realidade actual de Galicia, á súa estrutura comercial e dacordo a un modelo de vila ou cidade compacta. Incidiu tamén que a lei está a ter un alto grado de aceptación e consenso.